- Valoración e respecto cara a tódolos traballos desempeñados polas persoas.
- Valoración dos distintos servizos que nos ofrece a sociedade.
- Interese por coñecer os distintos medios de transporte e de comunicación.

- Aceptación das normas elementais de seguridade viaria.
- Desexos de participar en actividades sociais e culturais.

❖ Linguaxes: comunicación e representación

● Linguaxe verbal

▪ Escoitar, falar e conversar

- A linguaxe oral como medio de comunicación e información.
- Vocabulario rico e acorde cos distintos contextos e coas diferentes situacións de comunicación.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades didácticas, se poidan introducir:
 - Cores.
 - Membros da familia.
 - Números.
 - Festas e celebracións.
 - Saúdos.
 - Elementos do corpo.
 - Animais.
 - Días da semana.
 - Expresións e frases moi sinxelas.
- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regula-la propia conduta e a dos demais.
- Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- Pronuncia axeitada dos sons da lingua.

- Construción e utilización oral de distintos tipos de frases para o que botarán man das variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo...
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, en diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Utilización de sinais extra lingüísticos (entoación, xesticulación...) para reforza-lo significado das mensaxes transmitidas.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predicibles.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñece-los dos outros.
- Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
- Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
- Actitude de escoita cara ós outros nas súas interpretacións orais.
- Interese polo enriquecemento e pola mellora das súas producións lingüísticas.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Actitude positiva cara a lingua estranxeira
- Aproximación á lingua escrita
 - A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
 - Formas escritas e formas de expresión gráfica.
 - Instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, etiquetas, carteis...

- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
- Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
- Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
- Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
- Identificación dalgunhas palabras e frases escritas moi significativas e usuais para o neno e para a nena.
- Iniciación no uso da escrita para cumprir finalidades reais.
- Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación.
- Gusto por oír e follear contos e narracións.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións lidas por outras persoas.
- Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita: liñalidade, orientación e organización do espazo.
- Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Achegamento a literatura
- Textos de tradición oral: contos, cancións, poesías, adiviñas e trabalinguas.

- Textos literarios contemporáneos.
 - Xogos lingüísticos.
 - Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
 - Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
 - Participación en xogos lingüísticos.
 - Dramatización de textos literarios.
 - Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.
 - Interese e respecto cara ás manifestacións orais da súa tradición cultural.
 - Actitude de orde e coidado no recuncho da biblioteca.
 - Interese por compartirlas sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
 - Gusto polas dramatizacións literarias.
 - Interese pola lectura.
- **Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación**
 - Obxectos tecnolóxicos habituais que se utilizan nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...
 - Xogos e actividades interactivas.
 - Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxe e son...
 - A linguaxe audiovisual.
 - Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.

- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos...
- Valoración crítica do contido dalgunhas producións audiovisuais.
- Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
- Gozo cos xogos interactivos.
- Actitude de coidado cos instrumentos tecnolóxicos.

- **Linguaxe artística**

- A expresión plástica como medio de comunicación e representación.
- Materiais específicos e non específicos para a expresión plástica.
- Técnicas básicas da expresión plástica: debuxo, pintura, modelaxe, *collage*...
- Útiles e instrumentos da expresión plástica.
- Gama de cores primarias, a súa mestura e os contrastes claro-escuro.
- Diversidade de obras plásticas que se producen e atopan no medio: pintura, escultura, debuxos...
- Ruído, silencio e música.
- Propiedades sonoras do propio corpo e dos obxectos.
- Calidades do son: intensidade, duración, ton e ritmo.
- Instrumentos musicais.
- Cancións, danzas e bailes.

- Exploración dos materiais e dos útiles da linguaxe plástica.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo...
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías..., a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto; coa diferenciación das distintas partes e os segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Uso do *collage* como medio de experimentación con diversos materiais, formas e cores.
- Realización de formas sinxelas a través da modelaxe.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Exploración das propiedades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.
- Discriminación dos contrastes básicos: forte-suave, longo-curto, agudo-grave e subida-baixada.
- Produción e reprodución de sons.
- Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.
- Utilización de instrumentos musicais de percusión para acompañar as cancións e marcar un ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio.
- Interese pola produción artística.

- Gusto e gozo coas propias elaboracións plásticas e coas dos outros.
- Actitude de respecto cara a tódalas producións plásticas.
- Coidado e uso axeitado dos diversos materiais e útiles.
- Interese por coñece-las técnicas plásticas.
- Gusto e pracer coa música, o canto e o baile.
- Actitude de atención nas audicións musicais.
- Valoración das cancións e danzas propias do folclore da comunidade á que se pertence.
- Respecto polas producións musicais dos demais.

- **Linguaxe corporal**

- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.
- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.
- Automatización e realización de nocións de direccionalidade co propio corpo.
- Desprazamento polo espazo adecuando o propio movemento ó espazo e ó movemento dos outros.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento coma de relaxación.

- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.
- Interese e iniciativa por participar nas representacións.
- Desexos de comunicarse e expresarse mediante a linguaxe corporal.
- Atención e gozo nas representacións dramáticas.
- Espontaneidade nas dramatizacións, danzas, bailes...
- Esfuerzo por transmitir sentimentos e emocións a través da expresión corporal.
- Gusto polo labor persoal e orixinal nas actividades de expresión corporal.

❖ **COMPETENCIAS BÁSICAS**

- **Competencia en comunicación lingüística.**

- Utilizar de acordo coa idade unha estruturación gramatical correcta, unha entoación adecuada, unha pronunciación clara e un vocabulario cada vez máis amplo.
- Utilizar as catro destrezas da linguaxe (escoitar, falar, ler e escribir) para construír o pensamento e regular a conduta.
- Apoiarse do xesto e do movemento mediante a linguaxe corporal para desenvolver a comprensión e a expresión.
- escoitar e respectar as opinións dos compañeiros e compañeiras.
- Describir persoas, obxectos e situacións.
- Observar e describir debuxos, láminas, fotografías, carteis, pictogramas...
- Interpretar imaxes.
- Utilizar a nivel oral, en situacións cotiás, as formas propias da lingua: sons de vogais abertas e pechadas, formas do plural, preposicións, adverbios...

- Comprender a información dos contos lidos polos adultos.
- Comprender a información visual de viñetas, ilustracións dos contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas...
- Dialogar sobre acontecementos relacionados coa vida cotiá e formar progresivamente xuízos críticos.
- Utilizar e valorar a lingua oral para relatar feitos, para explorar coñecementos e aprender, para expresar e comunicar ideas e sentimentos, para establecer relacións cos demais e para regular a propia conduta e a dos outros.
- Coñecer e comezar a utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Identificar letras, sílabas e fonemas.
- Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ó ton da voz, á entoación, ás pausas, ós xestos...
- Memorizar e recitar pequenas poesías, refráns, trabalinguas e cancións.

- **Competencia matemática.**

- Utilizar o pensamento lóxico para resolver problemas sinxelos que na aula aparezan de maneira guiada e na sociedade de forma natural.
- Construír de forma coherente as habilidades matemáticas e utilízalas de forma automática.
- Empregar o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Utilizar a linguaxe matemática para expresar ideas.
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades.
- Discriminar algunhas cores.
- Establecer relacións sinxelas entre os obxectos.

- Realizar pequenas clasificacións atendendo a criterios sinxelos.
- Asociar números con cantidades.
- Realizar agrupacións.
- Ler series.
- Resolver sinxelos xogos matemáticos.
- Comezar a situarse espacial e temporalmente.
- Ubicar no tempo as actividades cotiás.
- Coñecer os seis primeiros elementos da serie numérica.
- Contar obxectos.
- Ordenar obxectos e numeralos.
- Iniciarse en operacións básicas da suma como adición.

- **Competencia no coñecemento e interacción co medio físico.**

- Ampliar o coñecemento do mundo que lle rodea a través da interacción coas persoas, a manipulación dos obxectos e a exploración.
- Coñecer o nome e as calidades de persoas, obxectos, contornos naturais e sociais para utilizalos en novas aprendizaxes e para interpretar a realidade.
- Desenvolver a capacidade para acadar unha vida saudable nun contorno limpo e coidado.
- Percibir o seu contorno físico, algúns dos cambios que nel se producen coa chegada das diferentes estacións.
- Utilizar a observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor aos seres vivos do contorno que lle rodea.
- Resolver problemas, na medida das súas posibilidades, interactuando co medio próximo.

- Coñecer algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
- Construír hábitos básicos de supervivencia e saúde.
- Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio sendo capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
- Actuar con respecto de cara as plantas, animais, obxectos...
- Orientarse nos espazos onde desenvolva a súa actividade cotiá na escola e no fogar.
- Identificar e definir algúns membros dos primeiros grupos sociais, algúns profesionais, algúns elementos urbanas e naturais, algúns medios de comunicación e transporte e algunhas manifestacións culturais.
- Participar nos procesos colectivos que busquen manter a aula e os materiais limpos e ordenados, ao igual que os corredores e recreos do centro, a casa, a rúa...

- **Competencia no tratamento da información e competencia dixital.**

- Utilizar os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do ordenador dispoñible na aula, no centro ou na casa.
- Comezar a interpretar mensaxes, textos e relatos orais producidos polos medios audiovisuais.
- Utilizar, de maneira guiada, algúns xogos educativos de ordenador.
- Manexar os diferentes movementos do rato: mover, arrastrar, facer clic, dobre clic, uso do botón dereito, roda...
- Coñecer os elementos e periféricos do ordenador: monitor, teclado, rato...
- Abrir e pechar programas.
- Realizar tarefas en grupo co ordenador.
- Respectar o tempo de uso das novas tecnoloxías.

- Utilizar mecanismos de acceso ao ordenador como acender e apagar, imprimir...
- Dominar sinxelos xogos interactivos de ordenador.
- Distinguir progresivamente a realidade e a representación audiovisual.
- Tomar conciencia da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos.
- Comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
- Comezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías.
- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

- **Competencia social e cidadá.**

- Saber escoitar ós seus compañeiros e compañeiras e aos adultos.
- Resolver os pequenos problemas que se lle plantexan na súa vida cotiá utilizando o diálogo.
- Saber relacionarse.
- Coidar a saúde.
- Establecer vínculos e relacións construtivas cos compañeiros e compañeiras.
- Convivir e respectar aos demais.
- Participar na elaboración do xogo e respectar as normas.
- Demostrar actitudes de responsabilidade e respecto cara os compañeiros e compañeiras e cara si mesmo/a.
- Compartir actividades con persoas de outras culturas.

- Coñecerse a si mesmo/a mostrando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñan os seus propios puntos de vista.
- Rexeitar a desigualdade valorando, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.
- Traballar en grupo.
- Demostrar comportamentos adecuados e adaptados aos diferentes contextos nos que se desenvolve.
- Aceptar normas de convivencia.
- Comezar a compartir, colaborar, escoitar, prestar axuda, pedir axuda, participar, tolerar e aceptar as diferenzas.

- **Competencia artística e cultural.**

- Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual..., para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.
- Producir materiais decorativos con diferentes técnicas.
- Diferenciar unha pintura dunha escultura.
- Coñecer algunhas obras artísticas e culturais do seu contorno.
- Utilizar o canto asociado ou non ao movemento.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.

- Obter cores secundarios para decorar.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas do seu contorno.
- Representar graficamente o contorno.
- Seguir diferentes ritmos.
- Discriminar diferentes estilos musicais.
- Utilizar o son e o silencio como formas de expresión.
- Utilizar destrezas e habilidades para percibir e comprender producións artísticas e culturais.
- Representar imaxes con diferentes materiais plásticos.
- Utilizar o ocio de forma activa desenvolvendo valores de esforzo persoal e solidario.
- Recoñecer a escritura musical.

- **Competencia para aprender a aprender.**

- Resolver con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle plantexan na súa vida cotiá.
- Comezar a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
- Saber pedir axuda aos seus compañeiros e compañeiras e aos adultos sempre que o necesite.
- Basearse no que xa sabe para aprender cousas novas.
- Traballar en grupo.
- Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.

- Analizar, razoer e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
- Establecer sinxelas relacións causa-efecto en función das consecuencias.
- Desenvolver estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- Utilizar a observación, a exploración e a manipulación para descubrir e aprender.
- Aprender a aprender desfrutando.
- Utilizar os coñecementos adquiridos para aprender.
- Utilizar os recursos e materiais de forma adecuada.

- **Competencia na autonomía e iniciativa persoal.**

- Ser responsables coas pequenas decisións que toma.
- Ser cada vez máis responsable, perseverante, autocrítico, con iniciativa persoal, creativo...
- Desenvolverse con autonomía en espazos cotiás.
- Ser autónomo/a na satisfacción das súas necesidades fisiolóxicas.
- Comezar a buscar solucións aos pequenos problemas que se lle plantexan na súa vida cotiá.
- Utilizar, de forma cada vez máis eficaz, o propio corpo no desenvolvemento das rutinas, no cálculo de riscos e na responsabilidade por concluír as actividades.
- Desenvolverse adecuadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
- Utilizar as destrezas motrices adquiridas para realizar con autonomía as súas actividades.
- Empezar a mostrar seguridade en la realización de actividades.

- Prestar e manter a atención.
- Identificar e expresar as propias emocións e as dos demais.
- Ir coñecéndose progresivamente a si mesmo/a.
- Continuar desenvolvendo a autoestima e a confianza en si mesmo/a.
- Mostrarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poda controlar.

- **Competencia emocional**

- Manifestar afecto cara os demais e aceptar as manifestacións de cariño das persoas que lle rodean.
- Relacionarse dunha forma positiva e comprometida cos outros e actuar de maneira natural e sen inhibicións.
- Interesarse polos pequenos problemas que se lle plantexan aos seus compañeiros e compañeiras.
- Aprender a esforzarse máis cando non acadou algo que podería haber logrado cun pouco máis de esforzo.
- Aceptar que non sempre pode ter ou facer o que quere.
- Demostrar valores persoais como a xenerosidade, a tolerancia...
- Confiar en si mesmo/a.
- Contribuír, dende o respecto, a unha convivencia adecuada en situacións de xogo.
- Adaptarse á rutina da vida escolar.
- Identificar as emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais.

- Expresar diferentes emocións: alegría, tristura, enfado, coraxe, entusiasmo, pracer...
- Demostrar habilidades sociais que lle permitan relacionarse, convivir cos demais, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos outros...
- E deben estar moi presentes á hora de planificar as actividades para contribuír ao desenvolvemento destas.

❖ CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A continuación enumeramos uns **criterios xerais de avaliación**:

- **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**
 - Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal.
 - Identificar e nomea-las diferentes partes do corpo.
 - Situar espacialmente as distintas partes do corpo en relación a si mesmo/a e ós demais.
 - Controlar progresivamente o seu corpo, global e sectorialmente.
 - Progresar na adquisición de destrezas motoras e habilidades manipuladoras.
 - Utiliza-las posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo.
 - Identifica-los sentidos e as principais sensacións asociadas a cada un deles.
 - Confiar nas propias posibilidades.
 - Respetar e acepta-las características dos demais.
 - Mostrar actitudes de axuda e colaboración.
 - Formar unha imaxe persoal positiva e axustada de si mesmo/a.

- Coñece-las súas propias posibilidades e limitacións.
- Realiza-las tarefas da vida cotiá con seguridade, confianza, iniciativa e autonomía progresiva.
- Valora-las actuacións propias e as dos demais.
- Participar nos xogos.
- Comprender e utilizar adecuadamente as normas que rexen os xogos.
- Progresar na coordinación e control das habilidades manipuladoras de carácter fino.
- Expresar sentimentos e emocións.
- Comprender e interpreta-los sentimentos e emocións dos demais.
- Contribuír á convivencia.
- Adquirir hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.
- Controlar progresivamente as súas necesidades básicas.
- Colaborar na creación dun medio agradable e dun ambiente favorecedor de saúde e benestar.

- **Coñecemento do contorno**

- Identificar e nomear obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.
- Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas.
- Iniciarse na cuantificación e interpretación dos elementos do medio natural.
- Cuantificar coleccións de elementos mediante o uso da serie numérica.
- Resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.
- Manexar nocións espaciais e temporais básicas.

- Interesarse polo medio natural.
- Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza.
- Participar en actividades encamiñadas ó coidado da natureza.
- Identificar algúns dos cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas.
- Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos do seu medio.
- Identifica-las características dos grupos sociais máis próximos.
- Coñecer diferentes servizos comunitarios: mercado, atención sanitaria, medios de transporte...
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- Participar na elaboración de normas nos diferentes grupos cos que se relaciona.
- Analizar situacións conflictivas da vida cotiá e resolvelas axeitadamente.
- Identificar outras culturas presentes no medio.
- Establecer relacións de afecto, respecto e xenerosidade con tódalas súas compañeiras e compañeiros.

- **Linguaxes: comunicación e representación**

- Utiliza-la lingua oral para comunicarse positivamente cos seus iguais e coas persoas adultas.
- Comprender diferentes mensaxes orais, relatos, producións literarias, descricións, explicacións e informacións.
- Amosar actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Participar en diferentes conversacións.
- Amosar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.

- Expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección.
- Resolver situacións conflitivas mediante o diálogo.
- Comunica-los seus estados anímicos e compartilos cos demais.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Iniciarse no uso dos textos escritos.
- Coñecer algunhas características do código escrito.
- Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.
- Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios.
- Expresarse e comunicarse empregando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Amosar interese por explora-las posibilidades das diferentes linguaxes.
- Compartir experiencias estéticas e comunicativas.
- Experimentar e explora-las posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- Desenvolve-la sensibilidade estética.
- Amosar unha actitude positiva cara ás producións artísticas en distintos medios.
- Utiliza-lo ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como vehículos de expresión e comunicación.

2.7 METODOLOXÍA.

A metodoloxía na aula verase afectada polas normas de organización a seguir para adaptarnos á situación sanitaria. Pese a iso, potenciaranse na aula tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico,

actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

Por outra banda, e se fora preciso, garantirase a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe de xeito semi-presencial ou non presencial. Para iso utilizarase a aula virtual do centro como plataforma. Manterase o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Como sistema de mensaxería empregaremos o abalarmóbil, para as familias que non poidan acceder a esta APP empregaranse como vía alternativa o correo electrónico e a chamada telefónica.

A intervención pedagóxica lévase a cabo en función de catro principios metodolóxicos:

- **Principio de globalización:** pártese da realidade do neno/a e dos seus coñecementos previos para axudarlles a avanzar na construción dos seus significados e facilitar así as aprendizaxes significativas que buscamos (concepto do teórico Ausubel).
- **Principio de actividade:** os nenos/as son activos por natureza e necesitan facer, manipular e experimentar, para así poder construír os seus esquemas cognitivos.
- **Principio de actividade lúdica:** o xogo constitúe un recurso didáctico sempre presente na aula, sendo esencial non facer distincións entre o xogo e o traballo, pois o que perseguimos é que os nosos alumnos/as aprendan xogando e xoguen aprendendo.
- **Principio da pedagogía do éxito:** seguindo as teorías de Vigotsky (principal expoñente da escola soviética), nunca debemos propoñer actividades que resulten demasiado complexas de resolver para os nenos/as, senón que o que buscamos é que eles vaian construíndo aprendizaxes a través de pequenos logros.

Dentro da metodoloxía hai que ter en conta outros dous aspectos importantes como son a distribución espazo-temporal e os recursos que usamos para desenvolver a programación que se explicaran máis adiante.

PAUTAS METODOLÓXICAS

➤ **Orientacións didácticas xerais**

Neste curso académico 2021/22 levaremos a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe baixo os seguintes criterios metodolóxicos:

- Prever a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e aos estilos cognitivos do alumnado. Así mesmo, ter en conta o contexto sociocultural no que viven.
- Utilizar estratexias comunicativas, vocabulario e terminoloxía adaptados á tipoloxía de alumnado que temos na aula. Intentar que nun primeiro momento sexan eles os que busquen solucións para superar as súas dificultades. Potenciar a reflexión co obxectivo de que, unha vez resolto o conflito cognitivo, cheguen ás súas propias conclusións en función dos seus coñecementos e experiencias previas.
- Crear un clima de relación e de afectividade positivo. Establecer unha relación de confianza entre o alumnado e a educadora, procurando en todo momento que se sintan con tranquilidade e con confianza, que non teñan medo a participar ou a equivocarse e que se encontren a gusto á hora de comunicar as súas ideas. Traballar para que acepten as súas propias posibilidades e as súas limitacións, as entendan e as respecten. Potenciar, en definitiva, a súa autoestima e favorecer a súa integración social.
- Utilizar as situacións de interacción como un recurso máis para axudar a cada alumno e alumna que o necesite, tendo en conta as súas capacidades e as súas dificultades. Facilitar a participación de todos e todas, en función das súas propias posibilidades.
- Explicarlle ao alumnado os seus acertos e os seus erros, fomentando os primeiros e desdramatizando os últimos.
- Equilibrar os aspectos de novidade co compoñente indispensable nestas idades de reiteración e de rutina.
- Ter en conta, á hora de planificar a distribución horaria do día, os seguintes aspectos: a alternancia entre períodos de descanso e períodos de actividade; entre as actividades que requiren atención e concentración e outras que non necesitan tanta; o tempo de dedicación ao alumnado que necesitan unha atención individualizada; o tempo que se dedicará ás actividades colectivas e ás individuais.
- Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo-clase; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento; aproveitar os feitos espontáneos que xurdisen ao longo da sesión ou da xornada.

- Organizar os espazos tendo en conta que favorezan a participación, a autonomía, o control, o traballo en grupo, o traballo individual e o traballo colectivo.
- Incorporar e utilizar na aula os materiais que o alumnado poida encontrar na súa vida diaria e que lles proporcione diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.
- Implicar ó alumnado, na medida do posible, no funcionamento e na organización da aula. Asignarlles progresivamente responsabilidades para que colaboren no mantemento da orde e participen na dinámica establecida conxuntamente. Intentar que se sintan ben na clase e que teñan ganas de aprender e de participar nas actividades. Establecer de forma clara e explícita estratexias que impliquen un compromiso mutuo, non só por parte do alumnado.
- Establecer canles de comunicación e colaboración coas familias. Intentar xerar un clima de confianza mutua. Facelos partícipes dalgúns aspectos da organización da aula e da realización de determinadas actividades de aprendizaxe.
- Planificar actividades para que o alumnado poida participar nalgúns aspectos da súa avaliación, como unha parte máis do proceso de aprendizaxe.

2.8-DISTRIBUCIÓN ESPAZO-TEMPORAL

En canto á distribución espacial, tendo en conta as indicacións recollidas no plan de adaptación á situación COVID-19, o alumnado organizarase en grupos estables tratando de reducir a interacción global entre grupos.

Tratarase de que a organización espazo-temporal respecte as necesidades do neno/a:

-Necesidades fisiolóxicas. Procurando que o acceso aos baños sexa o máis doado posible, fomento o desenvolvemento da súa autonomía.

-Necesidades afectivas. O espazo debe favorecer que o docente estea dispoñible para atender as necesidades do alumnado. Así, deben existir lugares específicos para un contacto individual adulto-neno/a e un lugar que favoreza a interacción entre tódolos nenos e nenas e destes coa mestra.

-Necesidade de autonomía. Nesta etapa, os nenos e nenas pasan dunha total dependencia a un grao de autonomía importante. Este é un proceso de avance e retroceso constante ao que a escola deberá prestar todo o seu apoio. Se a organización espacial responde a esta necesidade de autonomía, as características

que terá o espazo son unha distribución en áreas de actividade e accesibilidade aos materiais de traballo. Así, débense eliminar as barreiras que impiden o acceso autónomo dos nenos a materiais e espazos, tendo en conta que cada grupo estable de convivencia so accederá ao seu material. Neste senso procuramos que os nenos poidan acceder facilmente ao material e espazo designado para o seu grupo de convivencia. Terán cada un a súa percha personalizada e o seu lugar para colocar os seus traballos.

-Necesidade de socialización. A escola é o lugar onde se desenvolve e cobra maior intensidade a socialización do neno e da nena. Atenderemos a esta necesidade na medida que sexa posible e tendo en conta a situación sanitaria.

Por iso, debemos dispor o espazo para favorecer o encontro, o traballo en común, o coñecemento do outro, as conversacións en grupo.

-Necesidade de movemento. O movemento é fundamental para o alumnado e para moverse necesítase espazo libre. O movemento na aula será totalmente controlado para evitar a interacción entre os grupos.

-Necesidade de xogo. A través do xogo, o alumnado aprenden, maduran e inician a súa andaina no pensamento formal e lóxico. As aprendizaxes plantexaranse baixo un enfoque lúdico, o xogo será a base da aprendizaxe do alumnado.

-Necesidade de expresión. O intercambio de opinións, a expresión oral e a comunicación de pensamentos, ideas e experiencias serán promovidos por medio de tempos para conversacións, xogos de linguaxe, contos e cancións. Doutra banda, é necesario un lugar para a creación plástica.

Pero ademais do espazo, existe outro factor importante, como é a **DISTRIBUCIÓN TEMPORAL** que en ningún caso debemos deixar á improvisación. Polo tanto, o tempo debe estar planificado, pero ao mesmo tempo ser flexible, pois en educación infantil non existen os horarios tal e como os coñecemos noutras etapas educativas (senón que se traballa por MOMENTOS) e o máis importante, debemos respectar os ritmos individuais de cada alumno/a na medida do posible.

Poñemos un exemplo dos momentos para una xornada tendo en conta que poden variar segundo as necesidades dos nenos/as, os seus intereses, acontecementos... e tamén cambiarán en función dos momentos nos que veñen a aula os especialistas de lingua estranxeira, relixión católica e os apoios.

1º momento: Entrada.

É o momento no que os nenos/as entran no centro, quitan os abrigos de xeito ordenado e desinfectan as mans.

2º momento: Asemblea.

Dentro das rutinas da asemblea, incluírase a lembranza de normas de hixiene e concienciación do alumnado coa pandemia. Ademais realizaranse as rutinas da mañá, daráselle tempo aos nenos e nenas para falar dos temas que lle interesen e explicaráselle o que imos facer ó longo da xornada. Un dos obxectivos principais da asemblea é que se acostumen a respectar as quendas de palabra, que desenvolvan hábitos de escoita activa, que se familiaricen coas novas normas de organización da aula e de hixiene persoal e que adquiran hábitos de convivencia democrática.

3º momento: Actividades colectivas.

Estas actividades sérvennos para vivenciar as aprendizaxes de conceptos que logo se traballan no aspecto manipulativo e gráfico. Tamén son idóneas para desenvolver a cohesión grupal, o afecto e o traballo das emocións.

4º momento: Traballo na mesa ou individual.

Dedicamos este tempo ao traballo de actividades de lóxico-matemática e lectoescritura, todo elo de xeito lúdico, e neste momento da mañá debido a que a curva de atención está nun dos momentos máis álxidos e óptimos para o traballo cognitivo e intelectual.

5º momento: Merenda.

Aproveitamos este momento para fomentar hábitos de saúde e hixiene, xa que antes de comer lavan cuidadosamente as mans, abren os envases ou recipientes dos alimentos eles sos e falamos sobre o que traemos para comer, se nos gusta ou non... aproveitando para inculcar hábitos relativos a unha alimentación sa e equilibrada. Durante a merenda será o único momento no que o alumnado quitará a máscara e a gardará nun recipiente axeitado respectando as normas de hixiene establecidas no protocolo.

6º momento: Recreo.

Este é o momento ideal para observar o xogo libre e as conductas espontáneas dos nenos/as. Todo isto daranos unha información privilexiada acerca das relacións sociais que se establecen entre eles/as, dos grupos, dos líderes, dos nenos/as que poden quedar marxinados... Analizando esta información e intervimos cando sexa preciso, tentando desenvolver actitudes tolerantes e de convivencia. Non debemos esquecer que a importancia deste momento radica na necesidade de que os nenos/as

experimenten co xogo libre, debido os beneficios que este ten para o desenvolvemento integral do neno/a.

Durante este curso e, atendendo á situación sanitaria, haberá dúas quendas de recreo e o patio dividirase en 4 zonas, deste xeito non haberá interaccións entre os nenos e nenas dos diferentes grupos.

7º momento: Hora de ler: Durante 30 minutos faranse actividades ó redor da lectura, ben “lendo” un conto individualmente, léndoo os mestres ós alumnos/as, ollando xornais...

8º momento: Psicomotricidade

Esta sesión está dedicada o desenvolvemento motor, traballando o equilibrio, afianzamento da lateralidade, saltos, xiros, coordinación, gateo, etc. que servirá de base para a adquisición da lectoescritura.

9º momento: Xogo libre

Dedicamos este momento para que cada grupo se reforce e se desenvolva o xogo simbólico, traballo con crebacabezas, etc.

10º momento: Despedida e saída. Poñemos os abrigo para saír a rúa, de xeito autónomo, e despedímonos ata o día seguinte.

2.9-RECURSOS DIDÁCTICOS.

Á hora de traballar as distintas unidades didácticas, centros de interese ou proxectos, cada mestre/a fai uso de CDs con cancións infantís e con pezas de música clásica , así como diversos CDs interactivos e outros materiais de diversas editoriais. Contamos cun ordenador e un proxector en cada aula.

Para o desenvolvemento das nosas actividades contamos con recursos de tipo material e humano. Neste grupo debemos destacar diferentes tipos de recursos como son os propios de cada recanto, os propios para elaborar os proxectos, referíndome aquí a material específico que se poida necesitar como por exemplo, textos literarios específicos, láminas de arte ou material perecedoiro. En canto ós recursos materiais xerais de aula, hai que destacar materiais funxibles (papel, cartolinas, pinturas, etc.) e non funxibles (crebacabezas, bloques lóxicos ou mecanos), utensilios varios (regas, balanzas, punzóns, tesoiras ou cadernos de notas), recipientes para almacenar e clasificar como son sobres ou bandexas e por último diferentes fontes de información como carteis ou fotografías.

O material colocarase en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego do

material común procederáse á limpeza de mans e posteriormente aplicarase o produto viricida.

Ademais dos recursos materiais hai que ter en conta os recursos persoais, pois para levar a cabo a nosa intervención educativa, non se pode partir do individualismo, senón que será moito máis beneficioso traballar de xeito coordinado con tódolos axentes educativos implicados na nosa intervención.

No caso deste centro en concreto poderemos contar con diferentes mestres especialistas, como son Relixión e Lingua Inglesa ,así como ás mestras de música e atención educativa. Ademais, cóntase cunha mestra que realizará sesións de psicomotricidade e máis sesións de apoio dentro da aula. Por último cóntase co Departamento de Orientación do propio centro educativo. Tamén colabórase con profesionais externos ao centro como pode ser o Concello ou calquera asociación de carácter educativo, lúdica ou cultural, deseñando actividades ou obradoiros de diferente índole.

2.10.ACTIVIDADES

As actividades que se levan a cabo de forma continuada están en relación con todos os elementos da programación que se presentan. Algunhas delas concréntanse a través das Unidades Didácticas, pero outras non se poden especificar xa que formarán parte de proxectos ou centros de interese que van xurdindo, produto do que o propio alumnado vai propoñendo ou intereses que se van detectando, ou froito de necesidades educativas.

Tamén existen outras actividades completamente relacionadas co calendario escolar (días e celebracións conmemorativas).

Por cuestión de espazo non imos sinalar as actividades de cada centro de interese ou proxecto, pero o que si vamos a facer é clasificalas atendendo a dous criterios diferentes: o agrupamento do alumnado e o momento do desenvolvemento do centro de interese no que nos atopemos. Segundo o agrupamento teremos actividades de gran grupo, de pequeno grupo e individuais. As primeiras, son aquelas nas que participa o alumnado da aula, por exemplo a asemblea diaria, a lectura de contos ou sesións de psicomotricidade, na realización destas actividades terase en conta a distancia de seguridade recomendada polas autoridades sanitarias. As actividades de pequeno grupo serán aquelas nas que dividimos o grupo aula en pequenos grupos , por exemplo a realización de murais, xogos de psicomotricidade... Serán programadas para que mentres a mestra axuda a un dos grupos os outros teñen

un grao de autonomía aceptable. Por último, as actividades individuais van a ser aquelas nas que o alumnado traballe individualmente nun exercicio concreto, por exemplo o traballo con material impreso. Estas son importantes para acadar determinados obxectivos didácticos, pero non deben monopolizar a nosa actuación docente, xa que correríamos o risco de fomentar a individualización excesiva e a competitividade.

Atendendo á súa temporalización imos atoparnos con actividades iniciais, de desenvolvemento e finais. As iniciais serán as que se levarán a principio de cada centro de interese co fin de suscitar o interese e participación de cara os contidos a traballar. Servirán tamén para recoller información sobre os intereses, coñecementos previos e nivel de desenvolvemento acadado polos nenos, serán, por exemplo, unha asemblea, un conto, unha cantiga... As de desenvolvemento serán aquelas coas que o neno/a descubra, organice e relacione a información que se lle da, de modo que garantirán a posibilidade de acadar os obxectivos didácticos serán, por exemplo, o traballo con material impreso no que fagan conxuntos de elementos, a dramatización de determinadas situacións da vida cotiá... As finais contribuirán, por un lado, a afianzar os diferentes tipos de capacidades que pretenden acadar, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, polo que será necesario contar con actividades de ampliación, consolidación e reforzo, por outro lado servirán de avaliación final do proceso. Poderían ser, por exemplo, a dramatización dun conto ou situación concreta...

En caso de que o proceso educativo se teña que realizar de xeito semi-presencial ou non presencial, as actividades remitiranse como mínimo de xeito semanal ás familias que teñan que permanecer en illamento.

2.11-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na escola existe unha diversidade de alumnos/as que integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade de alumnado supón unha análise e reflexión sobre o grupo - clase, aceptando que cada un/a deles ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades as que debemos atender en cada momento. Por tanto, adóptanse e utilízanse estratexias efectivas que garantan a atención á diversidade da aula. Estratexias tales como:

-Modificación dos tempos das actividades, adaptándoos ós ritmos de cada alumno/a.

- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados das avaliacións.
- Adecuar a metodoloxía ás necesidades do momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais.

Realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen as dos outros, por tanto, serán actividades de reforzo e ampliación para atender esta diversidade. A programación presenta un carácter aberto e flexible permitindo que unha mesma actividade se poida realizar de formas diferentes, segundo as características individuais de cada neno/a.

As mestras e mestres atopamos nas aulas un conxunto infantil moi diverso en capacidades, intereses, estímulos, circunstancias familiares, sociais e económicas que, durante varias horas ó día teñen que convivir, aprender cousas, crecer, facerse persoas. As leis actuais defenden unha “escola de calidade” con capacidade de planificar, proporcionar e avaliar un currículo óptimo para cada un destes nenos e nenas, no contexto dunha diversidade que aprendan.

Esta é unha decisión que non podemos tomar individualmente senón en equipo, con todos os membros do centro partindo dos principios básicos e de cal é o entorno da aprendizaxe. A partir deste debate, tómanse decisións que se reflicten na presente Programación Didáctica de Nivel e que baixo o paradigma “Investigación – Acción”, levará a cabo e avaliaranse.

Polo tanto, atender á diversidade é un principio fundamental para optimizar o proceso de ensino/aprendizaxe. Así, dende a lexislación vixente faise posible pois, tal e como nos indica a LOE e a LOMCE, que os centros e os propios docentes na súa aula, teñan a suficiente autonomía pedagóxica para concretar os mínimos establecidos polas Administracións educativas. A programación, como é sabido, conforma a última destas concrecións e na súa elaboración debemos acatar un modelo que estea de acordo coas peculiaridades do noso centro e, máis concretamente, da nosa aula (necesidades, intereses, motivacións, capacidades...) a través das programacións de aula. Polo tanto somos os mestres os que debemos acomodarnos ao alumno e non ao revés.

Tendo en conta todo o establecido no *D.229/2011 que regula a atención á*

diversidade na nosa comunidade autónoma, débese atender á diversidade adecuando a nosa actuación para lograr unha educación personalizada que poida satisfacer as necesidades individuais de cada alumno para lograr un desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual, sendo esta a finalidade da E.I tal e como se indica no D.330/09 que establece o currículo da Educación Infantil en Galicia.

Como é sabido, a **estimulación temperá** é fundamental para desenvolver as potencialidades de todos os nenos e nenas logrando así a compensación de desigualdades e a equidade na educación. Por iso, cremos que na etapa de 0 a 6 anos, é fundamental o traballo coordinado entre os diferentes membros da comunidade educativa (familias, mestres, departamento de orientación, servizos sociais, etc.), tanto para detectar posibles problemas como para favorecer o desenvolvemento integral de todo o alumnado.

En todos os centros educativos, os niveis de madurez e aprendizaxe dos alumnos son diversos. Así pois, intentaremos respectar o nivel de madurez de cada neno/a achegándoo aos contidos máis apropiados para el. Polo tanto, teremos moi presente o principio de individualización.

Dentro desta diversidade atopamos os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE):

- a) Alumnado con altas capacidades.
- b) Alumnado de integración tardía ó sistema educativo.
- c) Alumnado que presenta necesidades educativas especiais.
- d) Alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Tal e como se recolle na *Orde do 27 de decembro de 2002, que establece as condicións e criterios para a escolarización dos alumnos/as con necesidades educativas especiais*, como norma xeral este alumnado será escolarizado en centros educativos ordinarios, logrando así a súa integración e inclusión. Sinalar que a todos os/as alumnos/as de Educación Infantil, a principio de curso, farémolles unha avaliación inicial, como establece a *Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a avaliación de Infantil na nosa Comunidade Autónoma*. Nesta avaliación inicial teremos en conta a información aportada polas familias e, se é o caso, por outros axentes sociais (pediatras,...). Se nesta se presenta algunha dificultade en calquera dos

aspectos do seu desenvolvemento (ou se detecta en calquera outro momento da súa escolarización), levarase a cabo un Reforzo Educativo (RE).

Segundo a *Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo*, o RE é unha medida ordinaria que afecta aos elementos non prescritivos do currículo que son: as formas e instrumentos de avaliación, a secuencia de contidos, a organización da aula, a metodoloxía e os agrupamentos dos alumnos. Se co RE non se consegue unha melloría, entón levarase a cabo, de forma excepcional, unha Adaptación Curricular Significativa (ACS) no último curso de Educación Infantil. Para levala a cabo o Departamento de Orientación, ten que realizar previamente unha avaliación psicopedagóxica co correspondente informe (regulado na *Orde do 31 de outubro de 1996*) e no que se recolle información sobre o contorno social, escolar e familiar dos/as alumnos/as. A adaptación curricular significativa é un documento no que se leva a cabo unha modificación dos elementos prescritivos do currículo como son: os obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Tanto o RE como a ACS serán elaboradas e levadas a cabo polo titor co asesoramento do Departamento de orientación. Tamén hai que sinalar que, en caso extraordinario, e só no último curso de Educación Infantil, poderíase *flexibilizar* o período de escolarización podendo permanecer ata os 7 anos de idade nesta etapa (sempre coa autorización das familias e da inspección educativa).

Sinalar que no noso centro contamos cun orientador, dous especialistas de PT e un especialista de AL, os cales ofrecerán o seu apoio cando se estime necesario.

No caso de alumnos/as con altas capacidades o proceso será o mesmo pero as medidas que se poden levar a cabo neste ciclo son: anticipación da escolaridade obrigatoria ou incorporación a agrupamentos flexibles (regulado todo isto na *Orde do 28 de outubro de 1996*).

Destacar que nos últimos cursos estamos a ter unha gran afluencia de alumnado estranxeiro (procedente de Latinoamérica e Marrocos principalmente). Con estes/as alumnos/as, realízaselles nun primeiro momento o **Plan de Acolida** para o alumnado estranxeiro, consistente nun conxunto de medidas educativas que o centro leva a cabo con estes alumnos e as súas familias para conseguir a súa mellor integración e adaptación, ademais dentro deste atópase un **período de adaptación** dentro da aula. Todo o proceso levado a cabo está de acordo co establecido na *Orde*

do 20 de febreiro do 2004 na que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

Neste Plan de Acollida lévanse a cabo as seguintes medidas; toma de contacto co centro; información ás familias sobre cuestións de organización do centro; recollida de datos e comunicación coas familias; itinerario de escolarización; relación con outros servizos da comunidade; e suxerencias de actividades na aula para a mellor integración.

É importante sinalar que con todas estas medidas ó que se pretende é dar resposta ás necesidades e peculiaridades dos nosos nenos e nenas, favorecendo unha ensinanza de calidade.

2.12. CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A intervención educativa que promove a aprendizaxe concrétese en último termo nas actividades que se desenvolven no proceso de ensino-aprendizaxe. Os mestres/as debemos facilitarlle ao neno a realización destas e de diversas experiencias que conectando ao máximo coas súas necesidades, intereses e emocións, lles axuden a aprender a desenvolverse.

As actividades deben ter presentes os principios didácticos que guían a nosa actuación docente (aprendizaxe autoestructurante, aprendizaxe significativo, consistencia evolutiva), de modo que deben ser motivadoras e significativas, para que supoñan un reto para a competencia persoal de cada neno/a. Favorecerán a interacción entre o alumno e o adulto creando un clima acolledor, seguro e cálido. Á hora de programalas teremos moi presentes os obxectivos e contidos que se teñan programados en cada actividade sexa propia de cada proxecto ou non, xa que a actividade non debe ser un obxectivo en si mesma, senón un recurso didáctico para lograr os obxectivos finais.

A L.O.E. establece unha serie de competencias básicas e aínda que veñen indicadas para o ensino obrigatorio, estas deben empezar o seu desenvolvemento desde o inicio da escolarización. Nos eliximos. entre estas, nove competencias que consideramos fundamentais e que son as seguintes:

1- Competencia en comunicación lingüística.

- Utilizar de acordo coa idade unha estruturación gramatical correcta, unha entoación adecuada, unha pronunciación clara e un vocabulario cada vez máis amplo.
- Utilizar as catro destrezas da linguaxe (escoitar, falar, ler e escribir) para construír o pensamento e regular a conducta.
- Apoiarse do xesto e do movemento mediante a linguaxe corporal para desenvolver a comprensión e a expresión.
- escoitar e respectar as opinións dos compañeiros e compañeiras.
- Describir persoas, obxectos e situacións.
- Observar e describir debuxos, láminas, fotografías, carteis, pictogramas...
- Interpretar imaxes.
- Utilizar a nivel oral, en situacións cotiás, as formas propias da lingua: sons de vogais abertas e pechadas, formas do plural, preposicións, adverbios...
- Comprender a información dos contos lidos polos adultos.
- Comprender a información visual de viñetas, ilustracións dos contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas...
- Dialogar sobre acontecementos relacionados coa vida cotiá e formar progresivamente xuízos críticos.
- Utilizar e valorar a lingua oral para relatar feitos, para explorar coñecementos e aprender, para expresar e comunicar ideas e sentimentos, para establecer relacións cos demais e para regular a propia conducta e a dos outros.
- Coñecer e comezar a utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Identificar letras, sílabas e fonemas.
- Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ó ton da voz, á entoación, ás pausas, ós xestos...

Memorizar e recitar pequenas poesías, refráns, trabalinguas e cancións.

2- Competencia matemática.

- Utilizar o pensamento lóxico para resolver problemas sinxelos que na aula aparezan de maneira guiada e na sociedade de forma natural.
- Construír de forma coherente as habilidades matemáticas e utilízalas de forma automática.

- Empregar o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Utilizar a linguaxe matemática para expresar ideas.
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades.
- Discriminar algunhas cores.
- Establecer relacións sinxelas entre os obxectos.
- Realizar pequenas clasificacións atendendo a criterios sinxelos.
- Asociar números con cantidades.
- Realizar agrupacións.
- Ler series.
- Resolver sinxelos xogos matemáticos.
- Comezar a situarse espacial e temporalmente.
- Ubicar no tempo as actividades cotiás.
- Coñecer os seis primeiros elementos da serie numérica.
- Contar obxectos.
- Ordenar obxectos e numeralos.
- Iniciarse en operacións básicas da suma como adición.

3-Competencia no coñecemento e interacción co medio físico.

- Ampliar o coñecemento do mundo que lle rodea a través da interacción coas persoas, a manipulación dos obxectos e a exploración.
- Coñecer o nome e as calidades de persoas, obxectos, contornos naturais e sociais para utilizalos en novas aprendizaxes e para interpretar a realidade.
- Desenvolver a capacidade para acadar unha vida saudable nun contorno limpo e coidado.
- Percibir o seu contorno físico, algúns dos cambios que nel se producen coa chegada das diferentes estacións.
- Utilizar a observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor aos seres vivos do contorno que lle rodea.
- Resolver problemas, na medida das súas posibilidades, interactuando co medio próximo.
- Coñecer algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
- Construír hábitos básicos de supervivencia e saúde.

- Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio sendo capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
- Actuar con respecto cara ás plantas, animais, obxectos...
- Orientarse nos espazos onde desenvolva a súa actividade cotiá na escola e no fogar.
- Identificar e definir algúns membros dos primeiros grupos sociais, algúns profesionais, algúns elementos urbanas e naturais, algúns medios de comunicación e transporte e algunhas manifestacións culturais.
- Participar nos procesos colectivos que busquen manter a aula e os materiais limpos e ordenados, ao igual que os corredores e recreos do centro, a casa, a rúa...

4-Competencia no tratamento da información e competencia dixital.

- Utilizar os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do ordenador dispoñible na aula, no centro ou na casa.
- Comezar a interpretar mensaxes, textos e relatos orais producidos polos medios audiovisuais.
- Utilizar, de forma guiada, algúns xogos educativos de ordenador.
- Manexar os diferentes movementos do rato: mover, arrastrar, facer clic, dobre clic, uso do botón dereito, roda...
- Coñecer os elementos e periféricos do ordenador: monitor, teclado, rato...
- Abrir e pechar programas.
- Realizar tarefas en grupo co ordenador.
- Respectar o tempo de uso das novas tecnoloxías.
- Utilizar mecanismos de acceso ao ordenador como acender e apagar, imprimir...
- Dominar sinxelos xogos interactivos de ordenador.
- Distinguir progresivamente a realidade e a representación audiovisual.
- Tomar conciencia da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos.
- Comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
- Comezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías.

- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

5-Competencia social e cidadá.

- Saber escoitar ós seus compañeiros e compañeiras e aos adultos.
- Resolver os pequenos problemas que se lle plantexan na súa vida cotiá utilizando o diálogo.
- Saber relacionarse.
- Coidar a saúde.
- Establecer vínculos e relacións construtivas cos compañeiros e compañeiras.
- Convivir e respectar aos demais.
- Participar na elaboración do xogo e respectar as normas.
- Demostrar actitudes de responsabilidade e respecto cara os compañeiros e compañeiras e cara si mesmo/a.
- Compartir actividades con persoas de outras culturas.
- Coñecerse a si mesmo/a mostrando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñan os seus propios puntos de vista.
- Rexeitar a desigualdade valorando, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.
- Traballar en grupo.
- Demostrar comportamentos adecuados e adaptados aos diferentes contextos nos que se desenvolve.
- Aceptar normas de convivencia.
- Comezar a compartir, colaborar, escoitar, prestar axuda, pedir axuda, participar, tolerar e aceptar as diferenzas.

6-Competencia artística e cultural.

- Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual..., para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.

- Producir materiais decorativos con diferentes técnicas.
- Diferenciar unha pintura dunha escultura.
- Coñecer algunhas obras artísticas e culturais do seu contorno.
- Utilizar o canto asociado ou non ao movemento.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
- Obter cores secundarios para decorar.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas do seu contorno.
- Representar graficamente o contorno.
- Seguir diferentes ritmos.
- Discriminar diferentes estilos musicais.
- Utilizar o son e o silencio como formas de expresión.
- Utilizar destrezas e habilidades para percibir e comprender producións artísticas e culturais.
- Representar imaxes con diferentes materiais plásticos.
- Utilizar o ocio de forma activa desenvolvendo valores de esforzo persoal e solidario.
- Recoñecer a escritura musical.

7-Competencia para aprender a aprender.

- Resolver con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle plantexan na súa vida cotiá.
- Comezar a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
- Saber pedir axuda aos seus compañeiros e compañeiras e aos adultos sempre que o necesite.
- Basearse no que xa sabe para aprender cousas novas.
- Traballar en grupo.
- Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- Analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
- Establecer sinxelas relacións causa-efecto en función das consecuencias.

- Desenvolver estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- Utilizar a observación, a exploración e a manipulación para descubrir e aprender.
- Aprender a aprender desfrutando.
- Utilizar os coñecementos adquiridos para aprender.
- Utilizar os recursos e materiais de forma adecuada.

8-Competencia na autonomía e iniciativa persoal.

- Ser responsables coas pequenas decisións que toma.
- Ser cada vez máis responsable, perseverante, autocrítico, con iniciativa persoal, creativo...
- Desenvolverse con autonomía en espazos cotiás.
- Ser autónomo/a na satisfacción das súas necesidades fisiolóxicas.
- Comezar a buscar solucións aos pequenos problemas que se lle plantexan na súa vida cotiá.
- Utilizar, de forma cada vez máis eficaz, o propio corpo no desenvolvemento das rutinas, no cálculo de riscos e na responsabilidade por concluír as actividades.
- Desenvolverse adecuadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
- Utilizar as destrezas motrices adquiridas para realizar con autonomía as súas actividades.
- Empezar a mostrar seguridade en la realización de actividades.
- Prestar e manter a atención.
- Identificar e expresar as propias emocións e as dos demais.
- Ir coñecéndose progresivamente a si mesmo/a.
- Continuar desenvolvendo a autoestima e a confianza en si mesmo/a.
- Mostrarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poda controlar.

9-Competencia emocional

- Manifestar afecto cara os demais e aceptar as manifestacións de cariño das persoas que lle rodean.
- Relacionarse dunha forma positiva e comprometida cos outros e actuar de maneira natural e sen inhibicións.
- Interesarse polos pequenos problemas que se lle plantexan aos seus compañeiros e compañeiras.
- Aprender a esforzarse máis cando non acadou algo que podería haber logrado cun pouco máis de esforzo.
- Aceptar que non sempre pode ter ou facer o que quere.
- Demostrar valores persoais como a xenerosidade, a tolerancia...
- Confiar en si mesmo/a.
- Contribuír, dende o respecto, a unha convivencia adecuada en situacións de xogo.
- Adaptarse á rutina da vida escolar.
- Identificar as emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais.
- Expresar diferentes emocións: alegría, tristura, enfado, coraxe, entusiasmo, pracer...
- Demostrar habilidades sociais que lle permitan relacionarse, convivir cos demais, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos outros...

E deben estar moi presentes á hora de planificar as actividades para contribuír ao desenvolvemento destas.

2.13. MINIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Os mínimos exixibles para o logro das competencias básicas están relacionados co nivel da etapa de Educación Infantil, e os obxectivos e contidos propostos. Tendo en conta que nesta etapa, estes abórdanse de forma globalizada e sobre todo, a labor fundamental precisamente é a adquisición das competencias básicas.

2.14-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Seguindo a orde 25 de Xuño de 2009 que desenvolve o decreto 330/2009 do 4 de xuño, a avaliación ha de ser global, continua e formativa e a observación directa e sistemática e a análise das producións das nenas e nenos así como as entrevistas coas familias constituirán a técnica principal do proceso de avaliación e servirán para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno.

Por tanto, plantexámonos a avaliación en Educación Infantil como unha práctica habitual e permanente para valorar os avances que se producen como resultado da acción educativa e proporcionar datos relevantes para tomar decisións encamiñadas a mellorar os procesos de ensinanza e aprendizaxe. Servirá así a avaliación para identificar as aprendizaxes e o ritmo e características da evolución de cada neno/a. Teremos en conta, pois, que van a ser obxecto de avaliación todos os elementos do proceso de ensino-aprendizaxe e non so os alumnos/as. Concibirémola como unha reflexión activa acerca da realidade educativa diaria, instrumentalizada pola observación e finalizada cara a retroalimentación das programacións en catro campos de actuación: a interacción afectiva e de comunicación efectiva entre as persoas implicadas no proceso educativo do neno/a, nos contextos escolar, familiar, e social (de modo que avaliaremos a relación profesor-alumno, neno/a-neno/a, a coordinación entre o profesorado, a relación familia escola e a interacción desta cos veciños e diversas entidades da comunidade social), a optimización das condicións organizativas e dos recursos dispoñibles (fixándonos nos aspectos ambientais, materiais e temporais), o desenvolvemento das capacidades dos nenos/as de acordo cos obxectivos xerais de etapa (realizando para elo unha avaliación continua, ó longo de todo o curso, e informando periodicamente ás familias (como mínimo trimestralmente), e a adecuación das programacións os nenos/as e as súas características individuais Así, podemos dicir que se recollerá permanentemente información de como se produce o proceso de ensino-aprendizaxe, para poder corrixilo ou modificalo se fose necesario durante toda a unidade e, ó final do proceso, valorando o grao de consecución obtido polo alumno/a respecto dos obxectivos propostos.

Para avaliar ós nosos alumnos/as observaremos aquelas conductas que

creamos convintes, sempre con carácter cualitativo e non cuantitativo, tomando nota de forma oportuna de ditas observacións, e atendendo a uns criterios de avaliación marcados.

No caso dunha ensinanza semi-presencial ou non presencial, a avaliación realizarase en base ás actividades remitidas polas familias.

Para levar a cabo a avaliación contamos cos diferentes instrumentos de avaliación como por exemplo a observación directa e sistemática, escalas de observación, listas de control, diarios, rexistros de avaliación e autoavaliación. Durante este tempo, a educadora poderá observar os estilos de traballo do alumnado, cales son as súas pautas habituais de relación e que tipo de rutinas espertan os seus intereses.

2.15. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A continuación enumeramos uns criterios xerais de avaliación:

Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

- ·Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal.
- ·Identificar e nomea-las diferentes partes do corpo.
- ·Situar espacialmente as distintas partes do corpo en relación a si mesmo/a e ós demais.
- ·Controlar progresivamente o seu corpo, global e sectorialmente.
- ·Progresar na adquisición de destrezas motoras e habilidades manipuladoras.
- ·Utiliza-las posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo.
- ·Identifica-los sentidos e as principais sensacións asociadas a cada un deles.
- ·Confiar nas propias posibilidades.
- ·Respectar e acepta-las características dos demais.

- ·Mostrar actitudes de axuda e colaboración.
- ·Formar unha imaxe persoal positiva e axustada de si mesmo/a.
- ·Coñece-las súas propias posibilidades e limitacións.
- ·Realiza-las tarefas da vida cotiá con seguridade, confianza, iniciativa e autonomía progresiva.
- ·Valora-las actuacións propias e as dos demais.
- ·Participar nos xogos.
- ·Comprender e utilizar adecuadamente as normas que rexen os xogos.
- ·Progresar na coordinación e control das habilidades manipuladoras de carácter fino.
- ·Expresar sentimentos e emocións.
- ·Comprender e interpreta-los sentimentos e emocións dos demais.
- ·Contribuír á convivencia.
- ·Adquirir hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.
- ·Controlar progresivamente as súas necesidades básicas.
- ·Colaborar na creación dun medio agradable e dun ambiente favorecedor de saúde e benestar.

Coñecemento do medio

- ·Identificar e nomear obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.
- ·Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas.

- ·Iniciarse na cuantificación e interpretación dos elementos do medio natural.
- ·Cuantificar coleccións de elementos mediante o uso da serie numérica.
- ·Resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.
- ·Manexar nocións espaciais e temporais básicas.
- ·Interesarse polo medio natural.
- ·Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza.
- ·Participar en actividades encamiñadas ó coidado da natureza.
- ·Identificar algúns dos cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas.
- ·Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos do seu medio.
- ·Identifica-las características dos grupos sociais máis próximos.
- ·Coñecer diferentes servizos comunitarios: mercado, atención sanitaria, medios de transporte...
- ·Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- ·Participar na elaboración de normas nos diferentes grupos cos que se relaciona.
- ·Analizar situacións conflitivas da vida cotiá e resolvelas axeitadamente.
- ·Identificar outras culturas presentes no medio.
- ·Establecer relacións de afecto, respecto e xenerosidade con tódalas súas compañeiras e compañeiros.

Linguaxes: comunicación e representación

- ·Utiliza-la lingua oral para comunicarse positivamente cos seus iguais e coas persoas adultas.

- ·Comprender diferentes mensaxes orais, relatos, producións literarias, descricións, explicacións e informacións.
- ·Amosar actitude de escoita atenta e respectuosa.
- ·Participar en diferentes conversacións.
- ·Amosar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- ·Expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección.
- ·Resolver situacións conflitivas mediante o diálogo.
- ·Comunica-los seus estados anímicos e compartilos cos demais.
- ·Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- ·Iniciarse no uso dos textos escritos.
- ·Coñecer algunhas características do código escrito.
- ·Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.
- ·Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios.
- ·Expresarse e comunicarse empregando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- ·Amosar interese por explora-las posibilidades das diferentes linguaxes.
- ·Compartir experiencias estéticas e comunicativas.
- ·Experimentar e explora-las posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- ·Desenvolve-la sensibilidade estética.

- -Amosar unha actitude positiva cara ás producións artísticas en distintos medios.
- -Utiliza-lo ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como vehículos de expresión e comunicación.

2.16. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

É moi importante realizar nos primeiros días do curso unha avaliación inicial do alumnado, para o cal realizarase unha análise dos informes individualizados do curso anterior, ademais realizarase unha observación do alumnado para determinar que rutinas, contidos, destrezas e actitudes están adquiridas ou cales precisan de reforzo. Tentaremos atender en todo momento á situación emocional de cada alumno/a e, identificarase ao alumnado con falta de recursos dixitais e conexión a internet mediante unha enquisa realizada ás familias.

É importante levar a cabo unha avaliación inicial, observando que rutinas e hábitos están completamente adquiridos logo de pasar o período vacacional ou cales precisan de reforzo. O mesmo sucede coa adquisición dos obxectivos e contidos traballados no curso anterior. É interesante realizar esta avaliación porque dificultades non resultas de maneira plena porque o neno ou nena precisaba madurar, logo do tempo pasado na casa, xa está nun nivel madurativo óptimo para ir profundando na consecución de ditos obxectivos.

2.17. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN.

Realmente ó estar na etapa de Educación Infantil, as actividades de recuperación e reforzos realmente son actividades de acompañamento da súa aprendizaxe. Exceptuando aqueles casos nos que existan dificultades serias de aprendizaxe no que se teña que intervir baixo as directrices do Departamento de Orientación. Polo tanto, de maneira individual ou en pequeno grupo vaise traballando para ir superando aqueles obxectivos que requiren máis esforzo por parte de cada alumno ou alumna.

2.18 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Debido á organización en grupos de convivencia estables, este curso no se realizarán actividades e celebracións de centro que supoñen a xuntanza dunha gran cantidade de persoas. Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, evitando mesturar ao alumnado das distintas aulas, ao aire libre e levando a cabo as labores de limpeza e desinfección pertinentes antes e despois da celebración do evento.

Tendo en conta estas premisas, celebraranse todas as conmemoracións establecidas na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. . A continuación damos unha relación delas:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: día Internacional da Educación
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o acoso escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente.

As saídas didácticas, de realizarse, serán dentro da localidade e ao aire libre aconsellándose o desprazamento a pé.

Con respecto ás actividades extraescolares, realizaranse sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias.

2.19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A escola non pode permanecer á marxe das tecnoloxías da información e da comunicación. Os nenos e as nenas conviven desde o seu nacemento con todo tipo de equipos tecnolóxicos, e é un feito que viven con máis interese as actividades escolares e que manteñen mellor a atención se na aprendizaxe se empregan medios tecnolóxicos de información e de comunicación: televisión, cine, vídeo, DVD, fotografía e ordenador. Polo tanto, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que inicie os nenos e as nenas na comprensión das mensaxes audiovisuais e na utilización axeitada, identificando o papel que estas novas tecnoloxías teñen nas súas vidas. Na etapa da Educación Infantil deberán iniciarse no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos (ordenador, reprodutores de imaxe e son...) e no coñecemento de diferentes producións audiovisuais, valorando progresivamente os seus contidos e tomando conciencia da necesidade de utilizalos moderadamente.

Os máis pequenos asumen con naturalidade a presenza do ordenador no medio escolar. A propia aprendizaxe é para eles un xogo; e o ordenador é un recurso didáctico para aprender e xogar.

Por outro lado, non podemos esquecer que actualmente o manexo do ordenador é unha necesidade. A sociedade actual utilízao en tódolos ámbitos; se queremos prepara-lo alumnado para que sexa membro activo e integrado da sociedade, deben coñecer e saber utilizar esta tecnoloxía. Polo tanto, é importante empezar esta preparación desde os primeiros niveis educativos.

Os contidos propios da Educación Infantil que a través destas novas habilidades e destrezas se van poder desenvolver serán:

- Grafomotricidade a través da realización dos distintos trazos e xogos de labirintos.
- Cores: tons dalgunha delas, azul claro, azul escuro, amarelo claro e escuro e reforzaranse o resto de cores primarias e as súas combinacións.
- Algúns conceptos espaciais.
- Educación musical.
- Representación numérica; practicarán a través das actividades de aprendizaxe dos números do 1 ó 9 e do 0 e a súa asociación coas cantidades correspondentes.
- Algúns cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Algunhas propiedades dos obxectos.
- Composición de quebracabezas.

2.20-ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Un dos principais obxectivos que se lle presenta a Educación Infantil é formalos nenos e as nenas desde os primeiros anos para que vaian incorporando unha serie de coñecementos, actitudes, comportamentos e hábitos que fagan posible que se desenvolvan satisfactoriamente nos distintos medios da súa vida cotiá.

Cada neno ou cada nena chega á escola cunha serie de costumes, de normas de comportamento e hábitos adquiridos previamente no ámbito familiar.

Efectivamente, a familia constitúe o medio natural no que primeiro aprenden comportamentos concretos sobre a maneira de falar, de alimentárense, de aseárense, de reaccionaren, de manifestaren os seus sentimentos e no que comezan a desenvolver-los seus primeiros hábitos de vida; por isto faise imprescindible que a acción educativa que se leve a cabo na escola se complemente coa que se leve a cabo na familia e viceversa, de tal xeito que o neno e a nena se sintan seguros e arroupados en ámbolos dous ambientes, sen que existan contradicións que obstaculicen a normal interiorización das principais normas e dos principais hábitos de comportamento. Se o neno ou a nena percibe que as pautas de comportamento que a escola promulga son as mesmas que hai na súa propia familia, estará aprendendo a valorar aquilo que está ben feito, que é correcto e coherente.

Pretendemos que coa colaboración e participación das familias, formar os nenos e as nenas en aspectos que entendemos fundamentais para a adquisición progresiva de hábitos e comportamentos necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Así, ó longo das distintas unidades didácticas traballarémo-la potenciación e o desenvolvemento dun amplo abano de condutas, e axustarémonos ás características e ás posibilidades de cada neno e cada nena. Entre estas condutas, destacamos algunhas que están relacionadas cos seguintes ámbitos do comportamento:

- **Autonomía:** traballarase para que os nenos e as nenas vaian adquirindo un repertorio de comportamentos e actitudes que lles permita, por un lado, actuar de xeito cada vez máis autónomo nas distintas actividades cotiás, principalmente o aseo (lavala mans, enxaboarse na ducha, ir solos ó WC...), a comida (aprender a colle-los servizos de mesa, comer sen a axuda dos pais...) e o vestido (colle-la súa roupa do armario, vestirse solos progresivamente, bota-la roupa sucia ó lavado, garda-la roupa no armario...); e, por outra banda, resolver con éxito as dificultades que vaian

atopando no seu desenvolvemento e potenciar así a seguridade e a confianza en si mesmos.

- **Expresión de sentimentos:** traballaremos aspectos tales como o cariño, a alegría, a tristura, a manifestación de gustos e opinións, o control dos impulsos... O neno ou a nena precisa que se lle axude a identificar e a distingui-los seus sentimentos e as súas emocións para que sexa consciente deles e inflúan de xeito positivo no seu desenvolvemento persoal. Tamén precisa axuda para expresar estes sentimentos e estas opinións de xeito natural de maneira que se cree un clima na casa e na escola baseado no respecto, na confianza e no afecto.

- **O coidado dos espazos:** o colexio, a casa, a rúa, os lugares de lecer e divertimento son espazos onde o neno e a nena se desenvolven diariamente. Por isto, cómpre que os coñezan axeitadamente e que os valoren como parte importante nas súas vidas. Deste xeito, traballarémo-lo desenvolvemento de comportamentos e actitudes encamiñados a mante-la orde e a limpeza destes espazos, así como o coidado das pertenzas, tanto persoais coma dos demais.

- **Hábitos:** consideramos necesaria a adquisición dunha serie de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, coa seguridade persoal, coa hixiene, co fortalecemento da saúde... Traballaranse diariamente estes aspectos do comportamento así como a adquisición de actitudes e hábitos de axuda, colaboración, cooperación e tódolos que se deriven da vida en grupo.

Os esforzos dirixidos a conseguir estes comportamentos desexables constitúen todo un labor encomiable para que o alumno e a alumna vaian tomando conciencia e vaian asumindo valores e actitudes como auténticos cidadáns responsables e comprometidos coa realidade social e co seu medio.

2.21. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

- **Vivir cos demais:** é importante que os nenos e as nenas aprendan que vivimos en sociedade e que necesitamos dos demais para desenvolvérmonos plenamente como persoas e como cidadáns, e que existen un conxunto de normas de convivencia que debemos coñecer e respectar. Polo tanto, deberemos ensinalles desde pequenos a relacionárense, a compartir, a saber pedir e agradecer, a respectar a tódalas persoas independentemente da súa raza, cultura, relixión ou sexo, etc. A vida escolar implica o establecemento de experiencias que achegan a

pequena ou pequeno ó coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como a empatía e o apego que constitúen a base da súa socialización.

- **Coidado do medio:** é importante que o neno e a nena tomen conciencia desde os primeiros anos de que viven nun medio que nos ofrece todo o necesario para as nosas vidas (luz, auga, alimentos, vexetación...) e que, xa que logo, debemos coidalo ó máximo para evitar que se deteriore. Para isto, fomentaremos comportamentos encamiñados a conservar e respecta-lo medio natural, a valora-la importancia que ten a auga para a vida dos seres vivos, a respectar e coida-los animais e as plantas, a evita-la contaminación da nosa atmosfera mediante a reciclaxe de residuos...

- **Educación para a alimentación:** unha boa nutrición é fundamental ó longo de toda a nosa vida, pero moi especialmente durante os primeiros anos, de aí a importancia de potenciar nos nenos e nas nenas a adquisición de bos hábitos alimenticios a través de aspectos tales como o coñecemento dos distintos tipos de alimentos, da contribución de cada un deles no noso crecemento, do recoñecemento dos distintos sabores, da importancia de comer san e variado, da necesidade de lavalas mans antes de comer, etc., entendendo que a escola debe xogar un papel complementario ó dos pais, auténticos modelos que os nenos e as nenas imitarán en canto ós hábitos alimentarios se refire.

- **Dialoguemos e respectémo-los demais**

- Supón educar para a convivencia pacífica da cidadanía democrática.

- Foméntase a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento de todo tipo de discriminación e intolerancia.

Para isto o noso proxecto propón:

- × Establecer normas de convivencia na aula e no centro.
- × Crear un clima de confianza no que os nenos e as nenas se expresen libremente.
- × Fomenta-la tolerancia e o respecto polos demais.
- × Resolver situacións conflitivas a través do diálogo.
- × Outorgarlles responsabilidades ós nenos e ás nenas.
- × Rexeita-los xogos, os xoguetes e as situacións que inciten á violencia.
- × Promover actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta.

• **Todos/as somos iguais**

A sociedade na que vivimos asígnalles ós nenos e ás nenas desde pequenos roles diferentes en función do seu sexo.

Os mestres e as mestras poden e deben corrixir estas desigualdades. Nas súas mans está facer que os nenos e as nenas se formen como persoas que son, en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas.

Para isto, o noso proxecto:

- Presenta unha distribución equitativa de personaxes masculinos e femininos.
- Propón unha distribución equitativa dos diferentes roles desempeñados por ámbolos dous sexos no ámbito familiar, escolar e profesional.
- Reflicte unha distribución equitativa dos trazos positivos e negativos entre ámbolos dous sexos.
- Rexeita todo tipo de discriminación por razón de sexo.
- Analiza e denuncia a situación de marxinación e de desigualdade que historicamente sufriu e segue a sufrir-la muller.
- Non fai distinción entre xogos masculinos e xogos femininos.
- Utiliza unha linguaxe non sexista.
- Asigna responsabilidades na aula indistintamente a nenos e nenas.
- Comenta con eles a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas.
- Procura que os espazos ou os recunchos da aula sexan utilizados indistintamente polos nenos e polas nenas.
- Narra contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres.

• **Protexámo-lo medio**

Supón achega-los nenos e as nenas ó medio natural para que aprendan a valora-la importancia que este ten para a vida das persoas e para desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el.

Para isto, o noso proxecto propón:

- Propiciar saídas fóra da escola para observa-lo medio natural.
- Ensinarlles a usar de forma responsable os recursos naturais.
- Observar directamente o crecemento dalgunha planta ou o ciclo vital dalgún animal que levaremos á clase.

- Inicialos no coñecemento de materiais reciclables.
- Facerlles observar, directamente ou a través de imaxes, as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio natural.
- Explicarlle-la procedencia natural dalgúns obxectos e alimentos.
- Realizar actividades plásticas utilizando materiais de refugallo.

• **Consumamos responsablemente**

Aínda que nestas idades os nenos e as nenas non teñen aínda autonomía como consumidores, están constantemente recibindo mensaxes dos medios de comunicación: publicidade sobre lambonadas, pasteliños, xoguetes, material escolar... O que se pretende é que os nenos e as nenas vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara ó consumo.

Para isto o noso proxecto propón:

- Ensinarlles ós nenos e ás nenas a coida-los materiais individuais e os comúns.
- Procurar un máximo aproveitamento do material escolar.
- Realizar con eles xogos que non necesiten xoguetes.
- Utiliza-los obxectos da clase que non nos serven para outras actividades.
- Procurar arranxa-los xoguetes estragados.
- Utilizar materiais de refugallo para construír xogos e xoguetes.
- Inventar, coa participación dos nenos e das nenas, anuncios que non se refiran a obxectos de consumo.
- Fomenta-lo consumo de alimentos sans no almorzo e na merenda no canto de pastelería industrial.

• **Vaiamos seguros**

O obxectivo fundamental da educación viaria é a prevención de accidentes. Nestas idades, os nenos e as nenas aínda non son autónomos nos seus desprazamentos polos espazos urbanos, pero si que utilizan os transportes públicos –algúns desde os tres anos usan o transporte escolar– e os privados no medio familiar.

Por iso cómpre inicialos no coñecemento dunhas normas establecidas, fundamentais para a súa futura participación no ambiente urbano como peóns, viaxeiros ou usuarios de vehículos.

Para isto o noso proxecto propón:

- Realizar saídas curtas polo medio próximo e establecer normas: camiñar polas

beirarrúas, non correr, deterse ó chegar a un cruzamento...

- Propórilles xogos nos que sexa necesaria a intervención de figuras como o policía de tráfico, os peóns, os coches...
- Ensinárille-lo significado dos principais sinais de tráfico.
- Realizar xogos coas cores do semáforo.
- Ensinarlles normas sobre o uso dos transportes: ir sentados correctamente, non distrae-lo condutor, abrocha-lo cinto de seguridade...

• **Sexamos bos cidadáns e boas cidadás**

Supón prepara-los nenos e as nenas para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable.

Para isto o noso proxecto propón:

- Ensinarlles a respecta-las normas de convivencia que rexen a vida na aula.
- Responsabilizalos do coidado dos materiais e espazos comúns.
- Propórilles xogos nos que teñan que discriminar comportamentos adecuados e inadecuados en diferentes situacións.
- Fomenta-lo respecto cara ás persoas maiores.
- Desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (respecto, tolerancia, solidariedade, convivencia...).

• **Coidémo-la nosa saúde**

O obxectivo fundamental é fomentar nos nenos e nas nenas a adquisición de hábitos de saúde: alimentación sa, descanso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes...

Para isto o noso proxecto propón:

- Fomenta-lo consumo de alimentos sans: froita, leite, verduras...
- Rexeita-lo consumo abusivo de lambonadas e explicárille-la súa repercusión sobre a saúde dental.
- Establecer normas de aseo persoal: lava-las mans antes e despois de comer, te-lo nariz limpo...
- Realizar xogos simbólicos relacionados co aseo para que o vexan como un feito agradable.
- Darlle importancia ó descanso.
- Realizar actividades ó aire libre.

- Informalos e previlos sobre as situacións de perigo no recreo, na aula, na casa...

2.22. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Consideramos imprescindible iniciar o fomento da lectura desde a etapa de infantil e dentro do marco do plan lector do centro, propoñemos para o noso ciclo os seguintes obxectivos:

- Descubrir o gusto de observar as ilustracións e manipular libros e contos
- Desenvolver o pracer de escoitar e comprender a lectura de contos
- Fomentar o interese pola lingua escrita nesta etapa
- Achegarse a lingua escrita a través de distintos tipos de textos
- Usar adecuadamente a biblioteca de aula e de centro como fonte de información e tamén de gozo
- Favorecer a adquisición de vocabulario
- Favorecer o interese e respecto cara as manifestacións orais da nosa tradición oral

Para acadar os obxectivos plantexados do fomento da lectura no só se deseñarán actividades para a hora de ler, senón que irán integradas dentro das diversas unidades didácticas a traballar ao longo do curso.

2.23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LINGÜÍSTICO.

O proxecto lingüístico constitúe unha ferramenta para adquirir unha das competencias básicas: Competencia en Comunicación Lingüística, onde existen catro destrezas básicas, no ámbito oral a comprensión e a expresión e no ámbito escrito, a comprensión e a expresión. Dentro deste centro educativo, debido as características psicoevolutivas traballaremos máis polo miúdo o ámbito oral, sen descoidar a linguaxe escrita na que faremos unha aproximación, xa que o estudio dunha lingua ten como pretensión acadar un dominio suficiente en cada unha das destrezas.

Dentro do noso territorio contamos con dúas linguas oficiais, que xunto coa lingua estranxeira o inglés, serán igualmente estimuladas. Para iso é fundamental a coordinación pedagóxica entre o profesorado, neste caso a especialista e a titora, a través das diferentes actividades, proxectos pedagóxicos, festas e conmemoracións. As accións para dita contribución será a estimulación oral a través de cancións,

poesías, producións literarias, escoita de contos, conmemoracións de festas, etc.

2.24. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Os procedementos para avaliar a propia programación basease sobre todo na observación directa no noso alumnado e como se van superando os obxectivos deseñados e programados. Por outra banda é necesario ir rexistrando e recollendo a información que sexa necesaria para ir vendo cales son as dificultades que se poidan dar ó longo do curso.

Logo do remate de cada trimestre faise unha reflexión de se é necesario levar a cabo un reaxuste ou modificación, e por outra banda, ó finalizar o curso académico faise unha reflexión global, para poder ir incorporando as modificacións necesarias.

Referencias legislativas:

-Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- D.374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de primaria

-Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia..

-Orde de 22 de xullo de 1997 polo que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de educación.

- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde do 27 de decembro de 2002, que establece as condicións e criterios para a escolarización dos alumnos/as con necesidades educativas especiais

-D.229/2011 que regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia

-Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo

-Orde do 20 de febreiro do 2004 na que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro

